



Perspectivas del Absoluto. Una aproximación místico-fenomenológica a las religiones

Javier Melloni, Herder, Barcelona 2018, 416 pp.

Javier Melloni é un teólogo e antropólogo ben coñecido nos círculos da teoloxía e da espiritualidade; non só polas súas publicacións, senón tamén polos seus cursos e seminarios, exercicios espirituais –sobre todo na Cova de Manresa– e charlas sobre espiritualidade, mística comparada e diálogo interrelixioso. Contrariamente aos que ven as relixións coma algo regresivo chamado a desaparecer pola súa linguaxe mítica obsoleta, porque someten e impiden que a xente pense por si mesma... Melloni veas coma un fenómeno progresivo, un impulso cara adiante, cun valioso legado de sabedoría e espiritualidade, de coñecemento humano do Invisible, que resulta insubstituíble, polo que sería suicida abandonalas.

Isto é o que manifesta o seu último libro; complexo e rico,

de lectura difícil pero fascinante. A obra non é froito da improvisación, senón que é un libro maduro, como reconece o autor no prólogo: «*Lo que percibía vagamente hace unos años y que ya fue enunciado en obras anteriores, adquiere en esta una claridad mayor... Esta comprensión se ha ido sedimentando a lo largo de estos años*»-. A obra insírese nunha triloxía, coma o terceiro volume que se engade a outras dúas anteriores: *El Uno en lo Múltiple. Aproximación a la diversidad y unidad de las religiones* (Sal Terrae 2003, un grosso volume de 400 pp) e *Vislumbres de lo Real. Religiones y revelación* (Herder 2007).

Anteriormente, Melloni fóranos dando outros bos libros relacionados con estes temas: desde o primeiro *Los caminos del corazón. El conocimiento espiritual en la Filocalia* (Sal

Terrae 1995), e outros como *Relaciones humanas y relaciones con Dios* (San Pablo 2006), *El Deseo esencial* (Sal Terrae 2009), *Voces de la mística I-II* (Herder 2009 e 2012), *El Cristo interior* (Herder 2010), até *Hacia un tiempo de síntesis* (Fragmenta 2011; recensión en *Encrucillada* 176, 2012) e *Sed de Ser* (Herder 2013); sen esquecer o folleto de CyJ *Los ciegos y el elefante. El diálogo interreligioso* (2000).

Hai xa unha ducia de anos, o amigo Javier escribíame nun dos moitos correos que nos temos escrito, compartindo vida e pensamento: «*Para avanzar dentro de la misma teología hay que leer a los grandes pensadores y místicos de las demás tradiciones. Hay que hacer una metateología. Y eso no se improvisa*» (Outono de 2007). Noutra ocasión escribíame na mesma liña de pensamento, dicíndome sobre o meu libro *Dios, Hombre, Mundo* (Herder 2008): «*Tu texto sobre Panikkar se centra en lo esencial: cómo reinterpretar la fe desde una perspectiva adváitica y retorno a una inocencia primordial*». «Hai que facer unha metateoloxía», unha teoloxía que vaia alén das inter-

pretacións estreitas nos marcos dos nosos credos e das nosas relixións particulares, aínda manténdonos nelas e vivindo fondamente esa experiencia relixiosa herdada e feita propia; «e iso non se improvisa». Esta é a chave fundamental do libro que comentamos; que manifesta longas lecturas de diversas tradicións relixiosas, experiencia e reflexión.

Para curarse en saúde fronte aos que o teñen acusado de sincretista —esa foi unha das acusacións que nos fixeron a el e a min falando do meu libro *La búsqueda de la armonía en la diversidad* (Verbo Divino 2014), para o que me fixo un magnífico Prólogo—, ou desconfían da súa «excesiva» empatía con tradicións distintas da cristiá, Melloni di que o seu libro non se presenta «dentro do marco da teoloxía cristiá», senón no da fenomenoloxía das relixións; e «non quere polemizar nin poñer en cuestión o contido da revelación dada en Xesús Cristo». Cousa que con ser en parte certa, non quita que o seu libro sexa realmente de teoloxía e espiritualidade claramente cristiá, pero en diálogo con outras crenzas, facendo unha *metateo-*

loxía. Eu tamén coído que esta é a teoloxía que debemos facer hoxe, e a que máis está necesitado o home e a muller de hoxe; un ser humano que segue tendo fame dunha transcendencia que está inmersa na súa inmanencia: chegar ao Absoluto afondando en nós mesmos, porque Deus está no fondo de cada un de nós e de toda a realidade. Isto é algo de hoxe e de moito antes. Por iso, no libro cítanse constantemente os grandes mestres da espiritualidade cristiá (desde Xesús de Nazaret e Paulo de Tarso a Dioniso Areopagita e Gregorio Palamás, o Mestre Eckhart, Hadewich de Amberes, Juliana de Norwich, Raimon Llull, Teresa de Xesús e Ignacio de Loyola, até Teilhard de Chardin) e grandes teólogos cristiáns (desde Buenaventura e Tomás de Aquino, até Tillich, Rahner ou Panikkar), a carón dos mestres e sabios doutras espiritualidades e culturas (Buddha, Bodhidharma, Dogen, Lao Tse, Zuannng Zi, ou Muhammad, Ibn'Arabi, Rumi e Alce Negro).

É un achegamento á realidade última, o «Ser-alén-do-ser» e o «Ser aquén-do-ser», o *Deus absconditus*, o Inmanifes-

tado, a Divindade persoal das relixións teístas e a apersoal das non teístas. O *Absolutum* presente en tódalas tradicións coma horizonte derradeiro e primeiro, manifestado de forma relativa en cada tradición relixiosa; un achegamento desde as nosas perspectivas relativas, os nosos ángulos particulares.

Este achegamento faise desde sete tradicións relixiosas: as cinco maioritarias ou máis influentes do noso mundo (xudaísmo, cristianismo, islam, hinduísmo e budismo), xunto co taoísmo e as tradicións primitivas. «Desde cada perspectiva accédese ao Absoluto e o Absoluto dáse totalmente a través de cada perspectiva», di Melloni. E faise cunha achega concéntrica; partindo da comprensión do Absoluto coma un gran círculo, buscando ir até o centro (o Inmanifestado) desde tres niveis de manifestación:

a) O primeiro é o cósmico/histórico orixinario. Nas tradicións citadas: a natureza, a liberación dun pobo e a Torá, a persoa de Xesús de Nazaret, Muhammad e o Corán, os avatares que nos achegan a Brahma-man, ou Sidarta Gautama e o

seu camiño. É un nivel descriptivo e analítico, propio dos sentidos e a razón; no que se fala dos relatos, textos, prácticas e rituais das diversas tradicións relixiosas.

b) O segundo nivel é o proceso revelatorio e a experiencia relixiosa que leva ao plano transhistórico: visións chamánicas, homes inmortais e simbolismo das letras, a fe no Cristo resucitado, os *ishtadevata* e o corpo da beatitude do Buddha. É simbólico e alegórico; o mundo imaxinario (arquetipos e símbolos) e imaxinal (*presenza* e *presenzas*), a imaxe teofánica.

c) O terceiro plano transcende aínda máis as categorías espazo-temporais, para adentrarse nas dimensións metacósmicas, expresión da totalidade da manifestación no limiar do Inmanifestado: o *Chi* primordial e o *Yin-Yang*, Adam Kadmon e a *shekiná*, o Cristo cósmico, o Corán como Libro eterno, a Trimurti e *Ishwara*, o *Dharmakaya*. Un nivel sintético e unitivo, o *noûs* platónico e o *terceiro ollo*.

O libro desenvólvese en sete longos capítulos; ocupando o meirande espazo os tres primeiros (primeiro, segundo e

terceiro círculo nun percorrido ascendente), pola ampla análise fenomenolóxica feita desde as sete tradicións relixiosas, que manifesta un profundo coñecemento delas por parte de Melloni e que nos ofrece moitas xoias desa espiritualidade multirelixiosa. A partir do cuarto, a perspectiva é diferente; pasamos da dimensión afirmativa ou *catafática* á teoloxía negativa ou *apofática*, o Absoluto coma Silencio, que supera as categorías do persoal e o impersoal: 4) «O centro, o *Deus absconditus*, o pleno-baleiro, o fondo sen fondo nin forma» (o Pai primordial dos aborixes, YHWH e o *Ein sof* xudeu, a Trindade *ad intra* cristiá, o *Al-Haq* musulmán, o *Brahman nirguna* e *Saccitananda* hindú, *sumyata* e *nirvana* budista e a inasibilidade do *Tao*). 5) «Participación de toda a realidade nese fondo», pois «nel somos, movémonos e existimos», como di Paulo no Areópago, ou «o Reino de Deus está *en* nós e *entre* nós», que di Xesús. «Se a Realidade primeira e derradeira é ese fondo sen fondo, o mundo manifestado non está senón nese mesmo fondo», di Melloni; o máis transcendente está no máis inmanente, «o-máis-alén-

de-todo está no-máis-aquén-de-todo» nunha *creatio continua*. 6) «Cada ser humano é un mandala integral»; e o centro do mandala é o corazón humano. «Cada un de nós é o lugar onde este percorrido comeza e remata», escribe Melloni, «o ser humano como receptáculo de toda a Realidade», como manifestación do Absoluto: *Tat tvam asi* («Ti es iso») di o advaita; «O que mira ao Un vese a si mesmo e veo todo a través do Un», di Simeón el Nuevo Teólogo; «*Alma, buscarte has en mi/ y a mi buscarte has en ti*», escribe Santa Teresa. E, para rematar, o capítulo 7) Recapitulación final. «Canto meirande é o adentramento no centro, meirande apertura a tódalas formas relixiosas». No

centro están contidas tódalas formas relixiosas; por iso, «que ten o corazón baleiro e libre de toda forma, un corazón puro, pode acoller tódalas formas, teofanías e crenzas sobre Deus/o Absoluto», di Melloni glosando a Ibn'Arabi, o místico andalusí que é o autor máis citado no libro.

Esta é a conclusión do libro: cada tradición avanza cara ao centro polo camiño que lle foi mostrado; o importante é chegar até el. Todas van ao mesmo lugar, pero non polo mesmo camiño; velaí a pluralidade e unidade das relixións. Para chegar a «adorar ao Pai en espírito e verdade», como lle dixo Xesús á samaritana.

Victorino Pérez Prieto